

## **MEMORIA XUSTIFICATIVA**

### **ADDENDA NÚM. 4 E PRÓRROGA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS E O CONCELLO DE MONDOÑEDO PARA O FINANCIAMENTO DA REDACCIÓN DA REVISIÓN DO PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN E REFORMA INTERIOR DO CASCO HISTÓRICO (PEPRICH)**

#### **1.- Competencia**

A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas ao abeiro do Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia (DOG núm. 73 do 14 de abril) e en virtude do artigo 13.1 do Decreto 142/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da consellería (DOG núm. 101 do 27 de maio), modificado polo Decreto 48/2025, do 16 de xuño (DOG núm. 122, do 27 de xuño), ten atribuídas competencias específicas en materia de urbanismo que exerce a Dirección Xeral de Urbanismo, entre as que se atopan, a tramitación administrativa dos instrumentos de planeamento urbanístico e o apoio técnico e económico e a colaboración coas entidades locais para a formulación e tramitación do planeamento urbanístico e a súa xestión e execución. Así mesmo, correspóndelle a asistencia e coordinación aos concellos en relación cos expedientes das subvencións que, en materia de planeamento, se tramiten na consellería.

#### **2.- Antecedentes**

O antecedente da addenda núm. 4 á que se refire a presente memoria e o Convenio de colaboración entre a Vivenda e Planificación de Infraestruturas e o Concello de Mondoñedo, asinado o 17 de xuño de 2020, modificado polas addendas núm. 1, 2 e 3 do 9 de xuño de 2021, 11 de xullo de 2023 e 10 de abril de 2025.

#### **3.- Finalidade**

Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar co Concello de Allariz o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue desde a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2027.



#### 4.- Obxecto

O obxecto da Addenda ao convenio é establecer as condicións de colaboración entre a Xunta de Galicia e o Concello de Allariz, para a redacción do documento de revisión do seu Plan especial de protección do casco histórico (PEPCH).

#### 5.- Fundamentos do instrumento convencional

O Concello de Mondoñedo, mediante escrito do 24 de setembro de 2025 solicitou a reunión da Comisión de seguimento do convenio para adaptar os compromisos adquiridos á realidade da programación de execución dos traballos de redacción.

A comisión, segundo consta na acta da súa reunión do 16 de marzo de 2026, á vista do exposto polo concello formula unha proposta de reaxuste das anualidades, co fin de adaptar o investimento á realidade da execución do obxecto contractual subvencionado.

Así mesmo, conforme ao establecido no artigo 49 h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público, considerando a complexidade da elaboración e tramitación do instrumento de planeamento obxecto do convenio de colaboración e, tendo en conta a data de sinatura do mesmo, procede determinar o réxime de prórrogas aplicables ao acordo.

Para a tramitación desta addenda ao convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica  
María Encarnación Rivas Díaz, Directora xeral de Urbanismo

